

Solicitante	DNI/CIF	Concello	CP	Provincia	Importe subvención concedida (€)	Obxecto da subvención
Gil Rodríguez, José Manuel	76894888-T	Ponteareas	36860	Pontevedra	7.135,20	Construción dun molde para inxec.
Pena Cortegoso, María Celeste	78738449-L	Moaña	36950	Pontevedra	1.264,90	Maquinaria para serigrafía e estamp.
Otero Pino, Pablo	36088371-Z	Vigo	36205	Pontevedra	6.958,80	Adq., ferramenta e catálogos.
<i>Herederos Ramón Diéguez, S.L. Cerámica Celta</i>	B-36267789	Ponteceures	36640	Pontevedra	7.104,00	Pax. web, reportaxe fotog., soporte publicitario, asistencia a feiras.
Tarrío Barcia, José Manuel	76869712-D	A Estrada	36680	Pontevedra	15.000,00	Adquisición maquinaria.
Otero Gañete, Iván	44841588-Y	A Estrada	36680	Pontevedra	1.264,80	Adquisición maquinaria.
<i>Tomos Conservación Restauración, S.L.</i>	B-36779908	Vigo	36204	Pontevedra	1.026,42	Adquis. maquinaria e cursos.
Del Carmen Pino, Cristina	X-5489723-Z	Vigo	36214	Pontevedra	1.212,00	Participación en feiras.
<i>Encoiros, C.B.</i>	E-27712082	Vigo	36206	Pontevedra	3.068,10	Adq. maquinaria, equipamento inform. e deseño páxina web.
Quián Rodríguez, Roi	36131780-E	Vigo	36216	Pontevedra	2.837,59	Adquisición maquinaria e deseño páxina.
Armada Rodríguez, Marta	36074282-R	Vigo	36212	Pontevedra	1.349,71	Adq. maquinaria e material deseño, particip. feiras.
Rodríguez Lorenzo, Virginia	36089351-M	Vigo	36202	Pontevedra	360,00	Divulgación en DVD.
Sánchez-Cantón Hdez-Cañizares, Miguel	36084440-Q	Oia	36309	Pontevedra	912,03	Equipo inform. e deseño páxina web.
Mosquera Varela, Fernando Javier	34965879-Z	Vigo	36202	Pontevedra	1.200,00	Alta na Seguridade Social.
Montenegro García, Alberto	36031338-K	Vigo	36204	Pontevedra	2.088,00	Deseño páxina web.
Ruibal Picáns, Lino	35456072-P	A Estrada	36688	Pontevedra	8.826,00	Adquisición maquinaria.
Fandiño Gondar, Miguel A.	35470549-H	Ribadumia	36636	Pontevedra	11.670,60	Acondic. Taller e adquis. maquinaria.
Moreira Pereiro, Juan C.	76861464-H	A Estrada	36588	Pontevedra	1.800,00	Adquisic. maquinaria.
Barranco Pomares, Trinidad	36506121-S	A Estrada	36680	Pontevedra	888,00	Equipo informático.
Porto Mato, Fernando	35428793-F	A Estrada	36680	Pontevedra	15.000,00	Obra de nova construción.
Cimadevila Álvarez, Pablo	44080699-A	Pontevedra	36004	Pontevedra	15.000,00	Adquisición maquinaria.
Vecino Sánchez, Víctor	35448255-B	Caldas de Reis	36653	Pontevedra	234,00	Publicidade e particip. feiras.
Lago Andión, Marco Antonio	52500517-G	Redondela	36818	Pontevedra	6.566,40	Adquisición maquinaria.
<i>Obradoiro de Xoias Artesanais, C.B.</i>	E-27703511	Vigo	36202	Pontevedra	4.834,18	Adquisición maquinaria.
Rodríguez Berreco, María Nieves	35560147-P	A Guarda	36780	Pontevedra	1.885,80	Contratación dominio páxina web.
Calviño Doval, José	76814659-H	Rodeiro	36530	Pontevedra	1.099,13	Adquisición maquinaria.
Pazos Martínez, Francisco	35288582-G	Meaño	36638	Pontevedra	5.700,00	Adquisición maquinaria.
De Sousa Alonso, Xabier	36036450-G	O Porriño	36400	Pontevedra	20.418,00	Obras taller, catálogo, partc. feiras e cursos.
<i>Hijos de José Garrido Vidal, C.B.</i>	E-36100998	O Grove	36980	Pontevedra	15.000,00	Adquisición maquinaria.
<i>Alfredo Lagos Silva y Hnos. C.B.</i>	E-36760684	Vigo	36208	Pontevedra	27.422,20	Obras taller, adquisición maquinaria.
Apamp (Asoc. Familias de Personas con Parálise C.)	G-36624120	Vigo	36210	Pontevedra	1.135,69	Adquisición maquinaria.
Apamp (Asoc. Familias de Personas con Parálise C.)	G-36624120	Vigo	36210	Pontevedra	3.074,25	Adquisición maquinaria e ferramen.
Apamp (Asoc. Familias de Personas con Parálise C.)	G-36624120	Vigo	36210	Pontevedra	704,06	Maquinaria e equipamento informático.
Apamp (Asoc. Familias de Personas con Parálise C.)	G-36624120	Vigo	36210	Pontevedra	3.195,60	Deseño e divulgación catálogos.
Alonso Pérez, Ana María	76987204-V	Tui	36720	Pontevedra	8.032,45	Maquinaria, equipamento informático e deseño páxina web.
Fuentes Nora, Juan	76814194-J	Lalín	36500	Pontevedra	9.000,00	Adquisición maquinaria.
<i>Carpintería Armando, S.L.</i>	B-36242386	Lalín	36500	Pontevedra	15.000,00	Adquisición maquinaria.
Fernández Blanco, Juan Carlos	52480463-Y	Lalín	36500	Pontevedra	6.900,00	Adquisición maquinaria.
Chao Buela, Rubén	77411474-Y	A Estrada	36684	Pontevedra	12.386,69	Adq. maquinaria e equipamento informát.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 30 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación práctica en oficinas de información turística durante o 2010 e se procede á súa convocatoria.

Exposición de motivos.

O artigo 27.11º do Estatuto de autonomía de Galicia sinala como competencia exclusiva da Comuni-

dade Autónoma de Galicia a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia establece que, con adecuación ás competencias que ten asumidas e son propias da comunidade autónoma, lle corresponde á Consellería de Cultura e Turismo a asunción das competencias en materia de turismo.

A importancia do turismo no tecido económico e social de Galicia así como o incremento da calidade do sector turístico son considerados elementos primordiais para o crecemento sostido das cotas de

competitividade, o que require a realización dun esforzo continuado na formación dos recursos humanos para adaptar as novas demandas ás actuacións dos titulados que inician ou desenvolven a súa actividade neste sector.

As oficinas de información turística repartidas polo territorio galego prestan un servizo importante aos turistas e visitantes e contribúen de xeito significativo a proxectar a imaxe de Galicia no exterior. Por iso, tendo en conta que debido ao aumento do turismo na última década a maioría dos concellos teñen hoxe oficinas de información turística abertas e certa experiencia na súa posta en marcha, e que esa é unha tendencia crecente, ante a necesidade de acadar suficiente persoal preparado, por parte desta consellería considérase conveniente convocar estas bolsas de formación práctica que permiten aos titulados acceder a prácticas tuteladas co fin de actualizar e mellorar os seus coñecementos e habilidades en materias vencelladas co turismo.

Para o ano 2010, a Secretaría Xeral para o Turismo ofertará bolsas aos municipios turísticos e á rede de oficinas de información turística da Xunta de Galicia; deste xeito nos municipios turísticos onde haxa oficina de turismo da Xunta de Galicia será a dita oficina o lugar onde irán destinados os bolseiros. Así mesmo, a celebración do Ano Santo Compostelán suporá unha afluencia importante de visitantes á nosa comunidade autónoma, o que fai necesario por unha banda reforzar tanto as oficinas dos municipios turísticos e a rede de oficinas pertencentes á Xunta de Galicia, posto que soportarán unha maior demanda de información turística e, por outra, ampliar o período de formación para dar unha mellor resposta ás necesidades que se presentan.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño), ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG número 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG número 214, do 5 de novembro) no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 15 de outubro de 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo).

Ademais, tramítase como expediente anticipado de gasto ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, polo que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG número 34, do 19 de febreiro) modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG número 231, do 29 de

novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG número 209, do 29 de outubro), ao existir crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 15 de outubro de 2009.

Así, consonte o establecido sobre medidas de fomento do turismo no artigo 54 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 55 da dita lei, esta consellería realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información turística de acordo coas seguintes bases, e logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa presidencia

DISPOÑO:

Primeira.-Esta orde ten por obxecto fixar as bases para a concesión de bolsas de formación en actividades turísticas, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de actividades turísticas-formativas co fin de conseguir unha maior cualificación e formación dos recursos humanos no sector turístico.

Con este fin convócanse 56 bolsas de formación especializada en relación coa promoción turística, mediante a realización de prácticas tuteladas nas oficinas de información turística das localidades que se citan, tal e como se sinala nos cadros seguintes:

Oficinas municipios turísticos:

Oficinas provincia da Coruña	Nº bolseiros	Período
Betanzos	1	1 de maio a 15 de outubro
Cedeira	1	1 de maio a 15 de outubro
Corcubión	1	1 de maio a 15 de outubro
Fisterra	1	1 de maio a 15 de outubro
Laxe	1	1 de maio a 15 de outubro
Miño	1	1 de maio a 15 de outubro
Padrón	1	1 de maio a 15 de outubro
A Pobra do Caramiñal	1	1 de maio a 15 de outubro
Pontevedra	1	1 de maio a 15 de outubro
Rianxo	1	1 de maio a 15 de outubro
Ribeira	1	1 de maio a 15 de outubro

Oficinas na provincia de Lugo	Nº bolseiros	Período
Chantada	1	1 de maio a 15 de outubro
Foz	1	1 de maio a 15 de outubro
Mondoñedo	1	1 de maio a 15 de outubro
Monforte de Lemos	1	1 de maio a 15 de outubro
Quiroga	1	1 de maio a 15 de outubro
Ribadeo	1	1 de maio a 15 de outubro
Samos	1	1 de maio a 15 de outubro
Viveiro	1	1 de maio a 15 de outubro

Oficinas na provincia de Ourense	Nº bolseiros	Período
Allariz	1	1 de maio a 15 de outubro
O Carballiño	1	1 de maio a 15 de outubro
Celanova	1	1 de maio a 15 de outubro
Leiro	1	1 de maio a 15 de outubro
Monterrei	1	1 de maio a 15 de outubro
Nogueira de Ramuín	1	1 de maio a 15 de outubro
A Pobra de Trives	1	1 de maio a 15 de outubro
Ribadavia	1	1 de maio a 15 de outubro
A Veiga	1	1 de maio a 15 de outubro

Oficinas na provincia de Pontevedra	Nº bolseiros	Período
A Garda	1	1 de maio a 15 de outubro
Baiona	1	1 de maio a 15 de outubro
Cambados	1	1 de maio a 15 de outubro
Cangas	1	1 de maio a 15 de outubro
Mondariz Balneario	1	1 de maio a 15 de outubro
Nigrán	1	1 de maio a 15 de outubro
O Grove	1	1 de maio a 15 de outubro
Poio	1	1 de maio a 15 de outubro
Sanxenxo	1	1 de maio a 15 de outubro

Rede de oficinas da Xunta de Galicia:

Oficinas	Nº bolseiros	Período
A Coruña (Xunta de Galicia)	3	15 de marzo a 31 de outubro
Ferrol (Xunta de Galicia)	1	15 de marzo a 31 de outubro
Santiago de Compostela (Xunta de Galicia)	4	15 de marzo a 31 de outubro
Lugo (Xunta de Galicia)	2	15 de marzo a 31 de outubro
Ourense (Xunta de Galicia)	2	15 de marzo a 31 de outubro
Pontevedra (Xunta de Galicia)	2	15 de marzo a 31 de outubro
Tui (Xunta de Galicia)	1	15 de marzo a 31 de outubro
Vigo (Xunta de Galicia)	3	15 de marzo a 31 de outubro
Vilagarcía de Arousa (Xunta de Galicia)	1	15 de marzo a 31 de outubro

Segunda.-Contido da bolsa.

As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

O contido da bolsa persegue fomentar o perfeccionamento profesional do bolseiro mediante a realización de prácticas formativas nas oficinas de información turística con suxeición ao plan de formación que se lles entregará ao comezo das súas prácticas e coas indicacións que lles transmita o titor que teñan asignado.

Terceira.-Requisitos dos solicitantes e natureza xurídica da relación.

1. Poden optar ás bolsas de formación nas oficinas de información turística: os técnicos superiores en información e comercialización turísticas, os técnicos superiores en axencias de viaxes, os técnicos especialistas de secretariado bilingüe, os diplomados ou licenciados en turismo e licenciados universitarios da rama de humanidades. Estas titulacións deben estar finalizadas nos 3 anos inmediatamente anteriores ao momento do remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria. Os

solicitantes deberán acreditar un nivel de iniciación á lingua galega. En ningún caso poderán ser beneficiarios desta bolsa aqueles solicitantes que foran adxudicatarios desta en dúas edicións anteriores.

2. Os solicitantes non poderán ser perceptores de soldos ou salarios ou outros ingresos que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

3. A condición de bolseiro/a en virtude da presente orde non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral nin contractual e tampouco dará lugar a súa inclusión na Seguridade Social nin por parte da Administración autonómica nin local implicadas.

4. Os solicitantes non estarán incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter subvencións do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Dotación das bolsas e determinacións orzamentarias.

Para a concesión destas bolsas destinarase ata un máximo de trescentos once mil catrocentos euros (311.400 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 11.02.761A.480.0.

A dotación económica de cada bolsa será de noventa e nove euros (900 €) brutos mensuais. Cada bolsa comprenderá, ademais, un seguro individual de accidentes.

Quinta.-Presentación das solicitudes.

1. Os interesados deberán dirixir a solicitude, en formato papel, ao órgano competente para resolver e presentarana no rexistro da Secretaría Xeral para o Turismo, da Consellería de Cultura e Turismo, ou nos respectivos departamentos territoriais, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo numérico desta orde.

Sexta.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. En concreto, o prazo entenderase que vence o día do mes seguinte cuxo ordinal coincide coa data que serviu de partida, que é a da publicación no DOG.

Sétima.-Documentación.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do título ou da certificación do pagamento dos dereitos da súa expedición e certificación académica completa. No caso de presentar un título estranxeiro será preciso que estea debidamente validado pola administración educativa española.

b) *Curriculum vitae* cos documentos acreditativos correspondentes en forma de certificacións ou fotocopias compulsadas dos diplomas de cursos en materias relacionadas co turismo, cursos de idiomas, incluído o de galego, cursos de informática e traballos realizados. A documentación en idioma distinto do castelán ou galego deberá presentarse oficialmente traducida.

c) Fotocopia compulsada da acreditación do curso de iniciación ou equivalente de lingua galega.

d) A experiencia laboral acreditarase a través de contratos de traballo, informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou ben a través do certificado expedido polo organismo onde se realizaron as prácticas.

e) Certificado da entidade financeira de que é o titular da conta.

f) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para o mesmo período, e de non ter ingresos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

g) Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter subvencións que establece o artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Nas solicitudes, os interesados escollerán como destino unha soa provincia, adxudicándose despois, nunha reunión que se convocará para o efecto na Secretaría Xeral para o Turismo, a oficina concreta dentro desa provincia, segundo a elección dos propios solicitantes, por orde da puntuación acadada.

3. Se a solicitude non se cubrise en todos os seus termos ou non se xuntase a documentación que se menciona nesta base, requirirase o interesado para que nun prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, considerarase que desiste da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitava.-*Instrución do procedemento.*

O órgano instructor do procedemento será a Secretaría Xeral para o Turismo, que de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei de subvencións de Galicia realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Novena.-*Proceso de selección e resolución de adxudicación*

A avaliación das solicitudes levarase a cabo por unha comisión que se constituirá para o efecto e que se axustará ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

Presidente: o/a subdirector/a xeral de Xestión, Fomento e Cooperación da Secretaría Xeral para o Turismo.

Secretario: o/a xefe/a do Servizo de Planificación Turística e Programas Europeos da Secretaría Xeral para o Turismo.

Vogais: un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral para o Turismo do Servizo de Planificación Turística e Programas Europeos e un/unha xefe/a de área de Turgalicia, designados polo presidente da comisión, co visto e prace da secretaria xeral para o Turismo.

A comisión fará a avaliación de acordo cos seguintes criterios:

Formación	Ata un máximo de 10 puntos
Titulación	Por ser diplomado ou licenciado en turismo : 2 puntos. Por ser técnico superior en información e comercialización turística: 1 punto. Por ser técnico superior en axencias de viaxes : 0,50 puntos.
Cursos	Por cada curso relacionado co turismo cun mínimo de 12 h: 0,10 puntos. Por cursos de postgrao ou mestrado oficiais relacionados co turismo: 1 punto.
Investigación	Por traballos de investigación en materia turística avalada por un organismo oficial: 0,25 puntos ata un máximo de 1 punto.
Idiomas	0,10 puntos por curso de idiomas superado de máis de 30 horas. 0,50 puntos por curso de perfeccionamento de galego ou Celga 4.
Informática	0,10 por cada curso de informática igual ou superior a 20 h.
Experiencia práctica	Ata un máximo de 1 punto. 0,25 puntos por cada mes completo de prácticas relacionadas co turismo en oficinas de turismo, empresas turísticas, asociacións profesionais de turismo, consorcios turísticos, mancomunidades turísticas ou calquera outra empresa vinculada ao sector turístico
Proba de coñecementos turísticos	Ata un máximo de 1 punto. A proba versará sobre as materias do anexo II. Esta proba será tipo test, constará de 50 preguntas e só se considerará se se superan a metade das preguntas.

A comisión, unha vez examinadas as solicitudes presentadas, elaborará unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, detallando neste caso a causa de exclusión, e convocará os primeiros á realización da proba tipo test sobre o temario que se inclúe como anexo II desta orde.

As listas de aspirantes admitidos e excluídos, a data e lugar de realización da proba e a puntuación obtida polos solicitantes faranse públicas nos taboleiros de anuncios da Secretaría Xeral para o Turismo, nos departamentos territoriais da Consellería de Cultura e Turismo e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo: <http://culturaeturismo.xunta.es>. O prazo de exposición pública será de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación e durante os cales se poderán facer as alegacións pertinentes.

A comisión valorará os méritos alegados polos candidatos conforme o baremo indicado e formulará o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor elevará este informe xunto coa proposta de resolución ao conselleiro de Cultura e Turismo, que no prazo de 15 días resolverá o procedemento de concesión.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de concesión de bolsas presentadas ao abeiro desta orde corresponderalle ao conselleiro de Cultura e Turismo.

O prazo máximo para a tramitación e resolución da concesión das bolsas será de 3 meses desde a data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A resolución do conselleiro esgota a vía administrativa e contra ela poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou a resolución impugnada, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo máximo de diez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa entederase tacitamente aceptada.

Unha vez aceptada a bolsa convocarase os beneficiarios para a elección de destino de conformidade coa provincia elixida na solicitude e dentro de cada provincia en función da puntuación obtida.

Se o beneficiario renuncia expresamente á bolsa, esta concederase ao seguinte candidato con mellor puntuación de entre os que solicitaron esa provincia e non fora beneficiario doutra das bolsas convocadas. En caso de que non quedasen aspirantes nese destino, ofertarase entre os restantes candidatos de acordo coa súa puntuación.

Décima.-*Publicidade.*

A resolución farase pública, para efectos de notificación aos interesados, no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral para o Turismo, nos departamentos territoriais e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo: <http://culturaeturismo.xunta.es>.

Esta resolución, así como os actos que se deban notificar de forma conxunta a todos interesados, publicaranse nos medios descritos no parágrafo anterior. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá efectos.

Décimo primeira.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. Para os

efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da bolsa comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI do interesado e a acreditación da súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

2. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, facendoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo entón presentar o DNI e as devanditas certificacións.

3. En calquera caso, nos supostos de imposibilidade de obter o documento, o órgano instrutor poderá requirirle ao solicitante a presentación da documentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde na páxina web oficial da Consellería de Cultura e Turismo, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a persoa beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

Décimo segunda.-*Aboamento das axudas.*

As axudas aboaranse con periodicidade mensual e na contía correspondente, unha vez recibido na Secretaría Xeral para o Turismo o informe das actividades realizadas e o certificado sobre a asistencia regular e aproveitamento das prácticas polos adxudicatarios expedido pola persoa competente nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo para os bolseiros das oficinas da Xunta de Galicia e polo titor designado polo concello nas oficinas de información turística municipais.

Para o aboamento do último pagamento será requisito ter presentado, ademais, a memoria que se especifica na base décimo terceira, número 3º desta orde, realizada polo bolseiro e visada polo director ou responsable da correspondente oficina.

Décimo terceira.-*Obrigas dos solicitantes e dos beneficiarios.*

Ademais das obrigas previstas polo artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, os solicitantes e beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Os solicitantes deberán aceptar en todos os seus termos a esta orde.

2. A comprobación de datos non axustada á realidade, tanto na solicitude como na documentación achegada, poderá supoñer a denegación ou revogación da axuda.

3. Os perceptores da bolsa estarán obrigados a realizar a actividade e cumprir o seu obxecto e deberán presentar, na Secretaría Xeral para o Turismo, a seguinte documentación: trimestralmente un informe das actividades realizadas e, ao remate da bolsa, unha memoria final sobre as actividades desenvolvidas así como o certificado sobre asistencia regular e aproveitamento das prácticas realizadas. A memoria final e o certificado sobre asistencia e aproveitamento deberán ser expedidos pola persoa competente nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo para os bolseiros da Xunta de Galicia e polo titor designado polo concello nas oficinas municipais.

4. O concello remitirá á Secretaría Xeral para o Turismo toda a información que se lle solicite referente a datos turísticos, en especial a enquisa confeccionada polo Instituto de Estudos Turísticos.

5. Os beneficiarios están obrigados a facilitar toda a información que lles puiden ser requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da bolsa obxecto desta orde.

6. Procederá o reintegro da cantidades percibidas e a exixencia do xuros desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro nos seguintes casos:

- a) Incumprimento total ou parcial da finalidade de concesión.
- b) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediran.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, segundo o disposto no punto 3 desta base.

Décimo cuarta.-*Incidencias.*

A Secretaria Xeral para o Turismo resolverá todas as dúbidas e incidencias que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

En calquera momento, o responsable da oficina correspondente ou o titor poderá propoñer á Secretaría Xeral para o Turismo -quen decidirá- a cancelación da adscrición do bolseiro a esta por razóns de insuficiencia no seu rendemento, incumprimento do plan de actuación aprobado ou inadaptación ás normas de funcionamento da oficina. Á vista diso, a Secretaría Xeral para o Turismo, logo do trámite de audiencia, poderá revogar a concesión ou suspender o disfrute dunha bolsa por incumprimento das obrigas contraídas polo adxudicatario.

A Secretaría Xeral para o Turismo poderá autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro ao destino adxudicado por motivos de forza maior. No caso de que a interrupción supere o 10% do tempo total de duración da bolsa, suporá a súa revogación.

A renuncia durante o disfrute da bolsa inhabilitará a persoa adxudicataria para os efectos de presentación na seguinte convocatoria, agás nos casos de forza maior, que serán valorados pola Secretaría Xeral para o Turismo.

O incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo coas bases precedentes dará lugar á revogación da axuda concedida e, de ser o caso, á reclamación das cantidades xa pagadas de conformidade co disposto na lexislación vixente. Así mesmo, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa obxecto desta orde e a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décimoquinta.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria

Todos os actos ditados nos expedientes de gasto regulados ao abeiro desta orde entenderanse condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron aqueles. A concesión das axudas reguladas nesta orde quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade correspondente.

Segundo.-Facúltase a Secretaría Xeral para o Turismo para ditar cantas disposicións considere oportunas para o desenvolvemento e a interpretación desta orde.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O ANO 2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT981A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS 2	TELÉFONO 3	

EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de bolsas de formación para a realización de prácticas en oficinas de información turística, publicada no DOG nº [] , e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa documentación que se xunta, e coa miña expresa aceptación de todos os termos da dita convocatoria.

SOLICITO:

Unha bolsa para a realización de prácticas na provincia de []

1. É obrigatorio cubrir todos os espazos de datos persoais.
2. Non é válido indicar como enderezo un apartado de correos.
3. É conveniente indicar un número ou varios que permitan unha fácil localización.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de la Presidencia SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación en oficinas de información turística durante o 2010 e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II**Temario**

Tema 1.-Principais recursos do patrimonio arquitectónico galego.

Tema 2.-Principais recursos do patrimonio cultural inmaterial galego.

Tema 3.-Historia de Galicia. Principais feitos históricos.

Tema 4.-A xeografía de Galicia.

Tema 5.-Os recursos turísticos de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Resolución do 30 de decembro de 2009 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Val de Navea.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 12, do mércores 20 de xaneiro de 2010, é preciso publicar a seguinte corrección:

Na páxina 717, no último parágrafo da resolución, onde di: «poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza», debe dicir: «poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural».

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 19 de xaneiro de 2010 pola que se convocan vinte cursos básicos de protección civil.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2010, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria de vinte cursos básicos de protección civil, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

-Obxectivos.

Dotar o persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, o que se refire o artigo 43.3º da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, da formación básica neces-

saria para obter a acreditación necesaria para o exercicio da súa función, conforme o establecido no artigo 46.3º desta lei.

-Destinatarios/as.

Os cursos van dirixidos ao persoal voluntario de entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro que teñan como fin a protección das persoas, dos bens e do ambiente nas situacións definidas pola Lei 5/2007, do 7 de maio, como situacións de xestión de riscos e de emerxencias.

-Desenvolvemento.

1. Prazas: trinta (30).

2. Duración: os cursos terán lugar durante o primeiro cuadrimestre do ano 2010 e cunha duración de 20 horas lectivas, en datas que se confirmarán coa suficiente antelación ao seu inicio.

3. Lugar: determinarase en función da localización das solicitudes recibidas.

-Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos/das participantes é gratuíta.

2. As persoas interesadas poderán cubrir a solicitude que se amosa na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou o modelo anexo á convocatoria da actividade.

3. As solicitudes deberán vir asinadas pola persoa responsable da correspondente unidade e co selo desta. Este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

4. Presentación das solicitudes:

-Por correo á sede da Academia Galega de Seguridade Pública: avenida da Cultura, s/n 36680, A Estrada.

-A través do fax nº 886 20 61 23 do Servizo de Formación - Sección de Protección Civil e Bombeiros da Agasp.

-Segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 16 de febreiro de 2010.

-Contido.

O curso básico de protección civil está dividido en varios módulos, que abarca os seguintes contidos:

Módulo I: a protección civil.

Módulo II: os riscos, accidentes e autoprotección.

Módulo III: loita contra os incendios.

Módulo IV: comunicacións.

Módulo V: actuacións básicas ante emerxencias médicas.